



Sesión de Educación Física


SA	A festa do xogo	Nº de sesión:		Nível:	5º
Obxectivo/s da sesión					
<ul style="list-style-type: none"> Promover o xogo como medio de diversión e pasatempo. Desenvolver habilidades físicas e sociais por medio do xogo. Valorar a variedade e aprendizaxe lúdica. Coñecer e practicar xogos de persecución. 					
Material necesario:		Revisar a descrición dos xogos.			
Instalacións:		Pavillón polideportivo ou zona exterior.			


Presentación


<p>Saúdo ao alumnado.</p> <p>Información ás alumnas e alumnos da planificación da sesión.</p> <p>Lémbraleslle ao alumnado as normas da clase e as actuacións no caso de incidencias como lesións, discusións ou rotura de material.</p>			
Material:	--		

Activación


Nome actividade:	Cadea partida	Tempo aprox.	5 min.
Explicación:			
Xogo de Persecución. Empeza pillando un/unha alumno/a, ao coller a alguén, agarráranse da man e continúan coa persecución. Cando volvan pillar a outro, os tres van da man, pero ao pillar a un cuarto neno/a, a cadea sepárase en dúas. Así, ata que estean todos pillados.			
Agrupamentos:	Parte individual, por parellas e en grupo (en función do momento do xogo).		
Material:	--		
Variantes/Adaptacións:			
Variantes: reducir ou aumentar o espazo de xogo, aumentar ou reducir o número de alumnado nunha cadea, facer unha única cadea sen que “rompa”			

Nome actividade 1:	O chantado	Tempo aprox.	10 min.
Explicación:			
<p>Fórmanse dous equipos co mesmo número de participantes. Un dos bandos fai de perseguidor e o outro foxe. Cando unha das persoas perseguidoras toca a alguén doutro equipo berra “chantado” co cal esa persoa ten que ficar quieto no sitio ata que outra nena ou neno do seu equipo o toca e berra “arrincado”. O xogo remata cando tódolos membros do equipo dos perseguidos están “chantados”</p>			
Agrupamentos:	2 equipos		
Material:	-		
Variantes/Adaptacións:			
<p>Reducir ou aumentar o espazo de xogo. Utilizar elementos distintivos (por exemplo petos) para as nenas e nenos do equipo que persigue).</p>			

Nome actividade 2:	O gato e o rato	Tempo aprox.	10 min.
Explicación:			
<p>Hai que escoller a dúas persoas, unha será o gato e a outra o rato. O resto dos nenos e nenas fan un círculo collidos das mans, o gato sitúase fóra do círculo e o rato vai dentro. Cando comeza o xogo o gato intentará pillar ao rato, as persoas que forman o corro farán todo o posible para impedir que o gato pille ao rato, pero sen violencia nin soltar as mans. Se o gato entra no círculo, o rato pode saír e a persecución continúa fóra da roda. Cando o rato sae do corro, as persoas collidas da man berran “Pasa rato”</p>			
Agrupamentos:	Individual cun gran grupo.		
Material:	Corda e aro		
Variantes/Adaptacións:			
<p>Aumentar o número de gatos ou de ratos. Utilizar elementos distintivos para o gato e o rato.</p>			

Nome actividade 3:	Zapatilla por detrás	Tempo aprox.	10 min.
Explicación:			
<p>Sortéase para escoller a un neno ou nena que levará a zapatilla (ou outro obxecto común) na man, o resto dos nenas e nenos séntanse en círculo. A persoa que panda comeza a dar voltas polo círculo mentres todas e todos cantan “A zapatilla por detrás, Tris, tras, Aquel que mire para atrás, Tris, tras, Unha boa azouta ha de levar, Tris, tras, Se miras para arriba, Hanche caer rosquillas Se miras para abaixo Hache caer o refaixo A durmir, a durmir”, nun momento determinado a persoa que leva a zapatilla a deixa detrás de alguén e berra “Xa”, esa persoa debe levantarse e perseguir ao que panda coa intención de tocalo antes de que se sente no seu sitio.</p>			
Agrupamentos:	Individual		
Material:	Unha “zapatilla”, en realidade pode ser calquera obxecto de uso común en Educación Física (pelota, pano etc).		
Variantes/Adaptacións:			
<p>Utilizar diferentes variantes da canción, ou mesmo inventar unha canción propia. Aumentar o número de voltas que debe dar o que panda antes de sentarse. Utilizar un obxecto sonoro por exemplo unha pelota con cascabel.</p>			

Reflexión

<p>En parellas un fará de “xiz” e outro de “encerado”. O que fai de xiz deberá escribir nas costas do encerado unha palabra que resuma como se sentiu na sesión. Despois este deberá acertar a palabra. Intercámbianse os roles. Finalmente entre todos poñemos en común estas palabras.</p>		
Material:		

Despedida

<p>Recollida de material por grupos.</p> <p>Aseo</p>
--

Os símbolos pictográficos empregados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC \(http://www.arasaac.org\)](http://www.arasaac.org), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Exemplo de sesión de Educación Física para a SA A festa do xogo”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)